

DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL

Convocadas axudas económicas FCT 2018

Publicada a [Orde do 24 de abril de 2018](#) pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo (DOG 14/05/2018)



REQUISITOS:

1. Estar matriculado en centros públicos desta comunidade autónoma ou ensinanzas concertadas coa Consellería de Educación, que estea cursando o derradeiro curso dun ciclo formativo de grao profesional básico, grao medio ou grao superior de Formación Profesional, Artes Plásticas e Deseño, Ensinanzas Deportivas e Programas Formativos.
2. Rematar o período de formación práctica en centros de traballo antes do 31 de decembro de 2018.

As solicitudes e os seus anexos preséntanse no centro educativo e establécense **DOUS**

PRAZOS:

1. O primeiro prazo: trinta e un (31) días naturais contados a partir do 15 de maio de 2018, para o alumnado que realizase a FCT nos períodos outubro 2017-marzo 2018, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2018. Todo o alumnado deste prazo deberá rematar o período da FCT antes do 31 de agosto de 2017. O alumnado ao cal lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2018 e que anticipase o período de FCT non se acollerá a este primeiro prazo.

2. O segundo prazo: será o comprendido entre o 14 de outubro e o 14 de novembro de 2018 para o alumnado de ciclos formativos ao cal lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2018. Este alumnado deberá rematar obrigatoriamente o período de formación en centros de traballo antes do 31 de decembro de 2018. O alumnado que teña horario flexible con autorización da Dirección Xeral e remate despois do 31 de decembro de 2018 acollerase á seguinte convocatoria de axudas.

REMUNERACIÓN:

a) Alumnado que realice a FCT dentro do territorio español:

- 1) En Galicia: Ata un máximo de 186 €
- 2) Fóra de Galicia: Percibirán unha cantidade fixa de 200 €.

b) Alumnado que realice a FCT fóra do territorio español:

1) Unión Europea:

País	Contía base	Contía por semana
Bulgaria, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, Malta, Romanía	120 €	72 €
Alemaña, Bélxica, Chipre, Croacia, Eslovenia, Grecia, Holanda, Luxemburgo, Portugal, República Checa	180 €	120 €
Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Reino Unido, Suecia	240 €	150 €

2) Non integrados na Unión Europea:

País	Contía base	Contía por semana
Europeos	180 €	120 €
Doutros continentes	240 €	150 €

DOCUMENTACIÓN:

- Solicitud normalizada segundo o anexo I desta orde.
- Declaración do enderezo de residencia durante o período de realización da FCT, segundo o anexo II desta orde.
- Fotocopia do DNI en caso de non dar consentimento para a comprobación de datos.

